



Expediente núm.: 1328/2024

Procedemento: CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS EN CONCORRENCIA NON COMPETITIVA.- AXUDAS AO ABEIRO DO PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL PARA 2025

DOCUMENTO ASINADO POR: A AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA E MEDIANTE TRAMITACIÓN ANTICIPADA DO GASTO, DAS AXUDAS A CONCEDER AO ABEIRO DO PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2025

O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de contribuír á mellora na calidade laboral, no benestar social e no desenvolvemento económico de Xove e da súa bisbarra, formula un Plan de Emprego Municipal (en adiante, PEM), no que se definen as accións principais coas que se pretende mellorar, entre outras, dúas vertentes de desemprego no municipio como son a inserción laboral das mulleres e a creación de autoemprego, no exercicio das facultades conferidas pola normativa vixente e, en especial pola Lei 7/85, de 2 de abril, fórmulanse as presentes bases que regulan as axudas a conceder ao abeiro do PEM para o exercicio de 2025.

As axudas reguladas nas presentes bases están incluídas no Plan Estratéxico de Subvencións 2025-2027, pretendéndose contribuír á mellora na calidade laboral, no benestar social e no desenvolvemento económico de Xove e da súa bisbarra, fundamentalmente nas dúas vertentes de desemprego no municipio como son a inserción laboral das mulleres e a creación de autoemprego.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO

Constitúe obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento de axudas a conceder ao abeiro do Plan de Emprego Municipal para facilitar ás persoas de Xove a súa incorporación ou reincorporación ao mercado de traballo.

SEGUNDA.- RÉXIME DE AXUDAS

Establécense dúas liñas de axuda no Plan de Emprego:

- Contratación
- Autoemprego

TERCEIRA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E TRAMITACIÓN ANTICIPADA DO GASTO





A contía máxima destinada ás presentes axudas é de 60.000 € (partida 241.470 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal). A presente convocatoria suxéitase ao réxime de tramitación anticipada do gasto regulado no artigo 56 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 25 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Subordínase polo tanto a autorización do gasto ao crédito para o exercicio no que se autorice no orzamento 2025

Ao tratarse de un procedemento administrativo que non leva aparelado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión senón que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, e tal e como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da lei anterior.

CUARTA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Sempre e cando se reúnan os requisitos establecidos nas presentes bases, exceptúase o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas non sendo necesario polo tanto a comparación entre as mesmas, co límite do crédito orzamentario existente para a convocatoria.

Consonte ao establecido no artigo 30.7 da LXS, as subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación no perceptor, non requirirán outra xustificación que a acreditación, por calquera medio admisible en dereito, de dita situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que puidesen establecerse para verificar a súa existencia.

QUINTA.- INSTRUCCIÓN, TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO

1.- As solicitudes de participación no Plan de Emprego Municipal e para acceder á axuda correspondente deberán conter toda a documentación que se regula nas presentes Bases con carácter específico para cada liña de axuda.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación esixida, requirirase á persoa solicitante para que no prazo de 10 días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos.

2.- A instrución do procedemento corresponderá ao Departamento de Emprego e Desenvolvemento Local, órgano que ditará o Informe-Proposta de Resolución debidamente motivada, que en cada caso proceda e que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias ou requirirá canta documentación adicional precise, para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos que se debe formular a proposta de resolución.





3.- A proposta de resolución deberá notificarse aos interesados de xeito ordinario e concederáselles un prazo de 10 días para a presentación de alegacións. Prescindirase deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos ou outras alegacións e probas que as aducidas polas persoas interesadas. Neste caso, a proposta de resolución provisional formulada terá o carácter de definitiva.

4.- As propostas de resolución provisionais e definitivas non crean ningún dereito a favor da persoa beneficiaria proposta, fronte á administración, mentres non se lle notificara a resolución definitiva de concesión.

5.- A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas corresponderá á Xunta de Goberno Local.

SEXTA.- MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como a obtención de bonificacións da Seguridade Social ou outro tipo de axudas á contratación poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e eventualmente á súa revogación e reintegro, se fose o caso.

SÉTIMA.- PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DOCUMENTAL

Fíxase un período máximo de xustificación documental para o libramento das subvencións concedidas ao abeiro do Plan de Emprego que rematará o 15 de marzo do ano seguinte ao de referencia, a non ser para as contratacións realizadas con posterioridade ao 15 de agosto ou as altas na seguridade social no REAT ou similar posteriores ao 01 de marzo no caso de autoemprego, que disporán dun ano máis de prazo para solicitar o libramento desta axuda, non admitíndose xustificacións con posterioridade a estas datas, e perdéndose a subvención pola persoa adxudicataria da mesma.

OITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A presentación dunha solicitude de axuda por traballadores/as ou empresarios/as supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente.

CAPÍTULO II. NORMAS ESPECÍFICAS PARA A LIÑA DE AXUDA DE CONTRATACIÓN

PRIMEIRA.- REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES DUN POSTO DE EMPREGO AO ABEIRO DO PEM





1. Poderán solicitar un posto de emprego ao abeiro do PEM as persoas que estean empadroadas e con residencia efectiva no municipio mínima de 6 meses anteriores á data de solicitude, requisito que se deberá manter durante toda a vixencia do expediente subvencionado. A tal efecto, polo órgano competente poderán recadarse cantos documentos, informes ou antecedentes sexan precisos para o coñecemento da residencia no termo municipal, ben emitidos polos servizos municipais ou por calquera outro que proceda.
2. Que estean anotadas na Oficina Pública de Emprego (OPE) como demandantes de emprego e sen ocupación. Na bolsa de emprego do PEM admitiranse tamén as persoas demandantes de mellora de emprego, pero para seren beneficiarias da axuda ao abeiro destas bases a empresa deberá contratar persoal que parta da situación de desemprego e sen ocupación. Este requisito de desemprego sen ocupación debe cumprirse no momento da contratación subvencionada.
3. Que teñan máis de 16 anos.
4. Non poderá acceder ao PEM, quen acadase un posto de traballo subvencionado por esta axuda e o abandonase de forma voluntaria ou causase despido procedente nos últimos 24 meses, a non ser que o motivo da baixa voluntaria fose unha mellora de emprego. Entenderase, para estes efectos, unha mellora de emprego cando concorran algunha destas circunstancias: incremento de retribución, promoción profesional e maior proximidade ao domicilio. A estes efectos considerárase:
 - incremento de retribución cando a nova base de cotización sexa un 10% superior á anterior;
 - promoción profesional cando se produza un incremento no grupo de cotización;
 - maior proximidade ao domicilio cando o enderezo do novo lugar de traballo se atope a unha distancia inferior entre o domicilio de empadramento da persoa traballadora e o enderezo do anterior lugar de traballo, que será como mínimo de 5 quilómetros.

SEGUNDA.- REQUISITOS DAS EMPRESAS BENEFICIARIAS DO PEM E DAS CONTRATACIÓNS REALIZADAS AO SEU ABEIRO

1. Poderán solicitar unha subvención ao abeiro do PEM aquelas empresas calquera que sexa a súa modalidade, autónomos, sociedades civís, sociedades mercantís, unións temporais de empresas, comunidades de bens, fundacións e asociacións aínda carentes de personalidade xurídica, que desexen contratar a unha ou máis persoas que reúnan os requisitos antes referidos, sempre que o contrato sexa de duración mínima inicial de seis meses. Ademais, no caso particular das UTEs, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

Quedan excluídas en calquera caso:





- aquelas entidades, empresas ou autónomos prestadoras de servizos ao Concello de Xove a través de calquera modalidade contractual recollida na lexislación de contratos do sector público.
- as administracións públicas, sociedades públicas ou calquera outro tipo de ente dependente, vinculado ou con participación de unha administración pública.

En ningún caso se subvencionarán contratacións que non teñan esta contratación mínima inicial, incluídos os contratos de substitución que non teñan data concreta de finalización que tampouco se subvencionarán en ningún caso.

2. Que non despedisen á mesma persoa para posteriormente acollerse ao PEM, aínda que sexa a través de outras empresas coa mesma persoa representante.
3. Que a empresa ou empresas coa mesma persoa representante ou do mesmo grupo non tivese contratada á mesma persoa acollida ao PEM para calquera das empresas do grupo nos últimos 24 meses.
4. Que a empresa ou empresas coa mesma persoa representante ou do mesmo grupo, non esgotase os anos de subvención correspondentes do PEM por expediente subvencionado e solicite novamente para a mesma persoa.
5. Que a empresa ou empresas coa mesma persoa representante ou do mesmo grupo, non esgotase os anos de subvención correspondentes do PEM por expediente subvencionado e substitúa a persoa subvencionada para solicitar unha nova contratación sen manter con carácter fixo, o posto de emprego anteriormente subvencionado.
6. Que a empresa ou empresas coa mesma persoa representante ou do mesmo grupo, non tivese contratado á mesma persoa durante un período superior a tres anos en calquera das empresas do grupo.
7. Que estea ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e co Concello de Xove así como coa Seguridade Social. Este requisito poderá acreditarse no momento da solicitude mediante a presentación dunha declaración xurada que se facilitará ao efecto. Non obstante, no momento da xustificación previo o pagamento da axuda, deberán aportarse os correspondentes certificados emitidos polos órganos competentes, sempre e cando non se dea ao Concello a autorización para extraer de oficio os ditos certificados.
8. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións sinaladas nos números 2 e 3 do artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, o que se acreditará mediante a sinatura dunha declaración xurada no modelo que se facilitará ao efecto

TERCEIRA.- CONTÍA DAS AXUDAS

1. Establécese un período máximo, de tres anos, tanto para as contratacións





indefinidas coma para as temporais, para efectuar libramentos ás empresas que realizen contratacións ao abeiro do PEM.

2. As empresas que contraten persoal veciño de Xove ao abeiro do PEM, poderán acollerse a unha subvención por cada persoa contratada, segundo as modalidades existentes:
 - a) Subvención a contratacións laborais indefinidas (Incluídas as contratacións fixas descontinuas dun mínimo de 9 meses de duración ao ano): no caso da contratación dun home, máximo de 5.400 para os tres primeiros anos; ata un máximo anual de 1.800 euros. No caso dunha muller, máximo de 6.300 para os tres primeiros anos e ata un máximo anual de 2.100 euros.
 - b) Subvención a contratacións laborais temporais de seis meses. Establécese unha subvención para contratación temporal (incluídos os contratos de formación en alternancia, de obtención de práctica profesional e de substitución de persoal con reserva de posto cunha duración mínima de 6 meses). Se a duración da contratación subvencionada é superior a 6 meses e cumpre a normativa do Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as cantidades máximas son as seguintes: no caso da contratación dun home, máximo de 3.000 euros para os tres primeiros anos; ata un máximo anual de 1.000 euros. No caso dunha muller, máximo de 3.900 euros para os tres primeiros anos; ata un máximo anual de 1.300 euros.
3. Cando a duración da contratación sexa inferior aos 12 meses e/ou á xornada a tempo completo establecida en cada caso, a contía da subvención correspondente calcularase de forma proporcional.
4. Cando se produzan cambios na contratación subvencionada inicialmente, han de comunicarse ao Concello de Xove e no caso de modificación sen interrupción de contrato temporal a indefinido, non será necesaria unha nova solicitude inicial, a cantidade de subvención correspondente calcularase proporcionalmente ás características da nova contratación.

CUARTA.- COMPATIBILIDADES

O Plan de Emprego Municipal é compatible con calquera outra subvención para a mesma finalidade, sempre e cando, conxuntamente, non supere o 100% dos custes laborais da contratación subvencionada.

QUINTA.- SOLICITUDE DUN POSTO DE TRABAJO

Aquelas persoas que cumprindo os requisitos, queiran solicitar un posto de emprego ao abeiro do PEM, poderán facelo durante todo o ano, e deberán aportar a seguinte documentación:

- DNI
- Tarxeta da Oficina de Emprego, que será de demanda ou de mellora de





- emprego.
- Informe de Vida Laboral actualizado ou Informe negativo se non ten ningún día cotizado.
 - Documentación acreditativa do motivo de finalización dunha contratación subvencionada ao abeiro do PEM nos 24 meses anteriores á presente solicitude, se é o caso.
 - Certificado de Residencia (a solicitar pola Administración).

Para manter a solicitude actualizada, debe cotexarse a tarxeta de emprego no Departamento de Emprego e Desenvolvemento Local, cada vez que esta sexa selada na Oficina Pública de Emprego, ademais, cada ano natural debe renovarse a solicitude.

SEXTA.- SOLICITUDE DUNHA CONTRATACIÓN SUBVENCIONADA





As empresas interesadas poden solicitar un listado da bolsa de emprego do PEM para realizar a súa selección de persoal antes da contratación ou realizar a contratación directamente con persoas que cumpran os requisitos da base primeira deste capítulo.

O prazo para a solicitude de contratación ao abeiro do Plan de Emprego está aberto durante todo o ano, pero será obrigatorio formalizar a solicitude dentro do prazo de un mes contado a partires da data de alta na Seguridade Social. Se no período de proba a empresa decidise prescindir dos servizos da persoa contratada, poderá solicitar outra ao Concello, que sexa solicitante así mesmo do PEM.

Xunto coa solicitude inicial ao abeiro do Plan de Emprego Municipal (Anexo I), deberase aportar a seguinte documentación.

- Documento de constitución da comunidade de bens, sociedade civil ou mercantil, entidades sen personalidade xurídica ou da sociedade mercantil, xunto a documentación acreditativa da representación de quen actúa no seu nome.
- Contrato de traballo.
- Informe de Vida Laboral da persoa contratada expedido polo INSS (posterior á alta na empresa).
- Alta na Seguridade Social da persoa contratada.
- Declaracións responsables (Anexos II e III)
- Informe de vida laboral de todos os códigos de cotización da empresa que comprenda o período abranguido entre os 24 meses anteriores á data de contratación e a data da presente solicitude.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Para o libramento da axuda correspondente a empresa aportará a seguinte documentación:

- Copia das transferencias bancarias das nóminas aboadas á persoa traballadora ou certificación bancaria acreditativa do seu pago
- Modelo da Seguridade Social: RNT (Relación Nominal de Traballadores) de todos os meses dos que se solicita o cobro
- Certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (AEAT; ATRIGA; Concello de Xove, neste caso facilitado de oficio polo Concello) e coa Seguridade Social. Se se tivese dado ao Concello a oportuna autorización, estes certificados extraeranse de oficio.
- Declaración doutras axudas en modelo normalizado do Concello de Xove.
- Certificación expedida pola entidade bancaria no que conste o número de conta e titular da mesma
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).
- Documentación xustificativa relativa ao Incentivo de Formación, se é o caso.
- Acreditación documental (fotografía na que se vexa claramente a colocación do modelo normalizado) do cumprimento da obriga de publicidade do





financiamento público.

- Informe de vida laboral de todos os códigos de cotización da empresa que comprenda o período abranguido entre os 24 meses anteriores á data da contratación pola que se solicita subvención e o momento da solicitude desta axuda, se se trata dunha empresa que non tivo persoal asalariado desde ese período, o Informe de Vida Laboral comprenderá o período abranguido desde a súa inscrición como persoa empresaria no Sistema da Seguridade Social e o momento da solicitude desta axuda. Esta documentación debe aportarse a fin de comprobar os requisitos recollidos no CAPITULO II. SEGUNDA das presentes bases.

O prazo para solicitar libramentos comezará ao día seguinte da aprobación da convocatoria anual e abarcará ata o 15 de marzo do ano seguinte ao de referencia, é dicir: o cobro de cada ano solicitarase antes do 15 de marzo do ano seguinte.

As contratacións realizadas on posterioridade ao 15 de agosto disporán dun ano máis de prazo para solicitar o libramento desta axuda, non admitíndose xustificacións con posterioridade a estas datas e perdéndose a subvención pola persoa adxudicataria da mesma.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a documentación xustificativa desta, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola persoa solicitante. Non se procederá ao seu aboamento se a solicitante non está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

OITAVA.- OBRIGAS

Son obrigas das persoas solicitantes dun posto de emprego:

- Manter actualizada a súa solicitude, cotexando a tarxeta de emprego cada vez que se sela na Oficina de Emprego e renovando a solicitude para cada exercicio.
- Comunicar a obtención dun posto de traballo ou calquera modificación reflectida na solicitude.
- Son obrigas das empresas beneficiarias:
- Manter actualizado o expediente.
- Comunicar calquera modificación tida en conta para a concesión da subvención.
- Presentar toda a documentación que sexa requirida desde o Concello.
- Cumprir a normativa laboral e de seguridade social.
- Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento da axuda do PEM. No lugar onde se desenvolva a actividade empresarial informarse do apoio do PEM a través dun cartel dun tamaño mínimo A4 nun lugar destacado e visible. Este cartel deberá permanecer colocado desde a aprobación inicial do PEM ata o remate do expediente, entendendo por este o último cobro da subvención correspondente. (Modelo normalizado dispoñible na Sede Electrónica do Concello de Xove)

CAPÍTULO III. NORMAS ESPECÍFICAS PARA A LIÑA DE AXUDA DE AUTOEMPREGO





PRIMEIRA.- REQUISITOS

1. Poderán solicitar unha subvención ao abeiro do PEM aquelas persoas que estean empadroadas e con residencia efectiva no municipio mínima de 6 meses anteriores á data de solicitude, requisito que se deberá manter durante toda a vixencia do expediente subvencionado que, de conformidade con estas bases e seguindo o procedemento establecido nas mesmas, creen o seu posto de traballo sempre que se dean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional, ou creen unha sociedade. A tal efecto, polo órgano competente poderán recadarse cantos documentos, informes ou antecedentes sexan precisos para o coñecemento da residencia no termo municipal, ben emitidos polos servizos municipais ou por calquera outro que proceda. O proxecto empresarial que se presente ha de reflectir a súa viabilidade técnica e económica.
2. Quedan excluídas en calquera caso aquelas entidades, empresas ou autónomos prestadores de servizos ao Concello de Xove a través de calquera modalidade contractual recollida na lexislación de contratos do sector público.
3. Que no momento anterior á alta no Réxime Especial de Autónomos ou outro anteriormente referido estean anotados na OPE como demandantes de emprego sen ocupación.
4. Que teñan máis de 16 anos.
5. Que non percibisen esta mesma subvención nos catro anos anteriores á data do inicio da nova actividade. Achegarán declaración ao respecto.
6. Que non desenvolvesen como autónomas a mesma ou similar actividade na mesma localidade, nos 6 meses anteriores á data de inicio de actividade.
7. Achegarán declaración ao respecto. Para estes efectos entenderase por mesma ou similar actividade a coincidencia ao nivel de 3 díxitos da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE)
8. Que a actividade se dea de alta no IAE con enderezo no municipio de Xove. Non se subvencionará un cambio de enderezo dunha actividade xa existente, soamente novas actividades.
9. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións sinaladas nos números 2 e 3 do artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, o que se acreditará mediante a sinatura dunha declaración xurada no modelo que se facilitará ao efecto

SEGUNDA.- AXUDAS

Establécese un período máximo para efectuar libramentos de tres anos para as altas de autónomos ao abeiro do PEM.





As persoas beneficiarias deste plan poderán acollerse a unha subvención equivalente ao importe da súa Seguridade Social co límite máximo de 5.400 euros para os tres primeiros anos (límite máximo anual de 1.800 €) no caso dun home e 6.300 euros (límite máximo anual de 2.100 €) para unha muller.

TERCEIRA.- COMPATIBILIDADES

O Plan de Emprego Municipal é compatible con calquera outra subvención para a mesma finalidade, sempre e cando, conxuntamente, non supere o 100% dos custes da actividade da persoa autónoma.

CUARTA.- SOLICITUDES

Aquelas persoas que cumprindo os requisitos, queiran solicitar unha subvención ao abeiro desta modalidade do PEM, poderán facelo durante todo o ano, e deberán aportar a seguinte documentación:

- DNI
- Tarxeta da Oficina de Emprego.
- Informe de Vida Laboral actualizado.
- Declaración de cumprimento de requisitos.
- Declaración de non ter débedas coa Facenda Estatal, Autonómica e Concello de Xove, así como coa Seguridade Social, no modelo que se facilitará ao efecto.
- Proxecto empresarial, segundo modelo normalizado.
- Alta no correspondente réxime da seguridade social ou similar.
- Alta no Imposto de Actividades Económicas
- Declaración xurada de non atoparse incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario, no modelo que se facilitará ao efecto.
- Compromiso firme de comunicar ao Concello a concesión de calquera axuda ou subvención de entes públicos ou privados para a mesma finalidade, no modelo que se facilitará ao efecto.

O prazo para a solicitude de contratación ao abeiro do Plan de Emprego está aberto durante todo o ano, pero será obrigatorio formalizar a solicitude dentro do prazo de dous meses contados a partires da data de alta na Seguridade Social, ou similar.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Para o libramento da axuda correspondente a persoa autónoma aportará a seguinte documentación:

- Recibos de pago de Seguridade Social de todos os meses.
- Certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (AEAT; ATRIGA; Concello de Xove, neste caso facilitado de oficio polo Concello) e coa Seguridade Social, a nome da persoa e se é o caso da empresa. Se se tivese dado ao Concello a oportuna autorización, estes certificados extraeranse de oficio.
- Declaración doutras axudas en modelo normalizado do Concello de Xove.





- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).
- Documentación xustificativa relativa ao Incentivo de Formación, se é o caso.
- Acreditación documental (fotografía na que se vexa claramente a colocación do modelo normalizado) do cumprimento da obriga de publicidade do financiamento público.

O prazo para solicitar libramentos comezará ao día seguinte da aprobación da convocatoria anual e abarcará ata o 15 de marzo do ano seguinte ao de referencia, é dicir: o cobro de cada ano solicitarase antes do 15 de marzo do ano seguinte. O período mínimo de alta na S.S. será de doce meses. As altas na Seguridade Social realizadas con posterioridade ao 1 de marzo disporán dun ano máis de prazo para solicitar o libramento desta axuda, non admitíndose xustificacións con posterioridade a estas datas e perdéndose a subvención pola persoa adxudicataria da mesma. Cando o tempo de permanencia como alta na Seguridade Social do segundo e/ou terceiro ano sexa inferior aos 12 meses, a contía da subvención correspondente calcularase de forma proporcional.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a documentación xustificativa desta, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo solicitante. Non se procederá ao seu aboamento se a persoa solicitante non está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

SEXTA.- OBRIGAS

1. Manter actualizado expediente.
2. Comunicar calquera modificación tida en conta para a concesión da subvención.
3. Presentar toda a documentación que sexa requirida desde o Concello.
4. Cumprir a normativa de seguridade social.
5. Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento da axuda do PEM. No lugar onde se desenvolva a actividade empresarial informarse do apoio do PEM a través dun cartel dun tamaño mínimo A4 nun lugar destacado e visible. Este cartel deberá permanecer colocado desde a aprobación inicial do PEM ata o remate do expediente, entendendo por este o último cobro da subvención correspondente (Modelo normalizado dispoñible na Sede Electrónica do Concello de Xove)

CAPÍTULO IV. INCENTIVO FORMACIÓN PEM

Establécese un incentivo de formación (opcional) dirixido ás empresas beneficiarias do PEM-Contratación con domicilio fiscal e/ou establecemento no municipio de Xove e ás persoas autónomas, beneficiarias do PEM-Autoemprego e que leven a cabo accións formativas relacionadas coa mellora empresarial.

PRIMEIRA.- CARACTERÍSTICAS DA FORMACIÓN INCENTIVADA:

- A formación estará relacionada con algún aspecto de mellora empresarial e





- será impartida por unha entidade pública, incluída a formación/asesoramento gratuito do IGAPE
- A duración mínima desta formación/asesoramento será de 20 h.
 - A persoa que recibe a formación será a representante da empresa ou en quen delegue polas súas funcións laborais na mesma ou algunha das contratadas ao abeiro do PEM
 - A acción formativa terá lugar dentro do ano para o que se solicita libramento de axuda do PEM
 - Queda excluída deste bono de formación aquela que supoña o cumprimento de obrigas legais empresariais en materia preventiva a que fai referencia o artigo 19 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

SEGUNDA.- CONTÍA DO INCENTIVO DE FORMACIÓN:

A contía do incentivo de formación será 200,00 € (un único incentivo anual por empresa beneficiaria)

TERCEIRA.- DOCUMENTACIÓN:

Para ter dereito ao incentivo de formación deberá presentarse un documento acreditativo de aproveitamento asinado pola entidade formativa onde se reflecta a duración e os contidos da mesma.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En calquera caso corresponderán ao Concello de Xove as competencias de interpretación do contido das presentes Bases e a resolución previo informe, se é o caso, dos servizos municipais de emprego, de cantas dúbidas e/ou reclamacións poidan presentarse na aplicación das mesmas.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Todos aqueles expedientes que se atopen en tramitación ao abeiro das anteriores Bases seguirán rexéndose polas mesmas ata a súa completa finalización.

O órgano xestor, Asdo. Rosa Lage Canoura

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Cod. Validación: ASWM6P4SE5OHEYHXJKZJAP2EZ
Corrección: <https://xove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 13

